



## Comunicado nº 102/20 3 de Agosto de 2020

### COMISIÓN GALEGA DE AUTOCROSS:

Reunida a Comisión Galega de Autocross pola prohibición de asistencia de público ós circuítos de Autocross, coa correspondente perda de ingresos, tómase a decisión de propoñer á Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo da anulación dos premios en metálico, das probas, tanto en canto dure a implantación do protocolo sanitario de reforzo (Comunicado nº 084/20), proposta da Federación Galega de Automobilismo para a volta a normalidade da práctica activa do automobilismo en Galicia (Comunicado nº 076/20), resolución do 15 de Xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte pola que se aproba o protocolo “**FISICOVID-DXTGALEGO**” polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise ocasionada pola Covid-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

A resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (DOG de 12 de xuño), establece distintas limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas en diversos sectores, tamén no ámbito deportivo.

Entre estas, para o ámbito da práctica deportiva federada, establécese -punto 3.21 apartado 2, do acordo- que “para a realización de adestramentos e a celebración de competicións, as federacións deportivas galegas deberán dispor dun protocolo, que será aprobado mediante resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, no que se identifiquen as situacións potenciais de contaxio, atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e no que se establezan as medidas de tratamento de risco de contaxio adoptadas á casuística”. Así mesmo, sinala tamén que “o dito protocolo será de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos e deberá publicarse na páxina web da federación deportiva”.

**COMISIÓN GALEGA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS  
DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**